

## Acta da Comisión de Calidade do día 23 de Maio de 2012

### Asistentes:

Aneiros Pereira, Jaime  
Dorribo Rivera, Miguel  
Fernández Docampo, Belén  
García, Lino José  
García Mosquera, Marta  
Grande Seara, Pablo  
López Prieto, María Nieves  
Pita Grandal, Ana María  
Rodríguez Domínguez, M<sup>a</sup> Mar  
Ruiz Hidalgo, Carmen

Excusan a súa asistencia: Teresa Pereira Garrido.

Da comezo a reunión sendo as 10.30 da mañá co seguinte orde do día:

**Primeiro.-** Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior

**Segundo.-** Informes da Decana

**Tercero.-** Proposta de modificación do Plan de Acción Titorial do Centro para o curso 2012-13

**Cuarto.-** Análise dunha proposta de modificación da composición da Comisión de Calidade á vista das novas titulacións que se impartirán no Centro no curso 2012-13, para a súa elevación á Xunta de Facultade.

**Quinto.-** Rolda aberta de intervencións

**Primeiro.- Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (15 de Decembro de 2011)**

Aprobase a acta por asentimento

**Segundo.- Informes da Decana**

A decana informa dos seguintes temas. En primeiro lugar de que xa se incorporou o novo bolseiro de calidade adscrito ao Centro, e que a bolsa ten unha duración de 7 meses. O novo bolseiro é o mesmo que xa estivera na anterior convocatoria de bolsa e que coincide co representante dos egresados polo Master de Ordenación Xurídica, D. Lino José García.

En segundo lugar, informa que se teñen recibido no centro os resultados provisionais do VAD do curso 2009-10, e que segundo éstos o Centro mellorou sustancialmente ao pasar de 2,75 puntos a 3,25. Esta situación é importante xa que o reparto do orzamento da partida 280 realízase en función dos puntos obtidos.

En terceiro lugar, que os resultados parciais a 21 de Maio da taxa de participación nas encuestas de satisfacción do profesorado e do alumnado coas titulacións de grao e posgrao é superior á taxa do curso anterior e a taxa media da Universidade.

### **Terceiro.- Proposta de modificación do Plan de Acción Titorial do Centro para o curso 2012-13**

Proponse unha modificación na asignación de titores motivada polos problemas que estaba dando o sistema actual. Esta proposta refírese ao inicio do apartado 4.1 Actividades nos graos que quedaría redactado nos seguintes termos:

“Aos efectos da implantación do PAT, unha vez coñecida a matrícula de alumnado de cada ano, para a distribución do mesmo terase en conta os seguintes criterios:

- 1.- O Decanato propondrá, preferentemente, a profesores con vinculación permanente e profesores axudantes doutores a titorización de grupos do PAT.
- 2.- Cada titor titorizará un grupo dos tipo B que hai en cada curso. Un profesor non poderá titorizar a máis dun grupo, salvo que sexa necesario e o profesor acceda.
- 3.- Os titores de cada grupo deberán, preferentemente, ser profesores do curso correspondente.
- 4.- Cada alumno só poderá ter un titor que será o asignado ao grupo tipo B que lle corresponda no curso máis alto no que estea matriculado.”

Os motivos que levan a facer esta proposta por parte do decanato son principalmente os problemas de implantación, e que non podían asignarse os titores ata ben empezado o curso porque non estaban listos os listados definitos de alumnos. Por outra banda, este sistema é similar ao sistema que estase deseñando noutros centros polos mesmos motivos. Este sistema parece mellor por canto o titor coñece aos alumnos, dálles clase a maioría deles e ao ser distribuídos por letras e non persoalmente, non hai problemas derivados da matrícula tardía ou de erros.

A representante da Área Académica, Dna. Nieves López Prieto apunta ademáis que parte dos problemas que podense estar producindo no PAT derivase de que nos listados de alumnos matriculados hai erros. Estes erros en ningún caso son responsabilidade do Área de Xestión Académica senon de Xescampus.

A profesora Dna. Marta García Mosquera pregunta se o número de grupos tipo B é o mesmo para todos as asignaturas dos cursos. A Decana explica que o único problema foi en 4º de dereito e en 3-4º de relacións, polo que escollese o grupo B das obrigatorias para a asignación de alumnos a titores.

A partires de este momento surde un debate sobre a eficiencia ou ineficiencia do PAT, no que interveñen Dna. Marta García Mosquera, Dna. Carmen Ruiz, D. Miguel Dorribo, a Decana e a secretaria da comisión. O representante da área de calidade (D. Miguel Dorribo) é a persoa que máis defende a necesidade do PAT xa que supón unha atención á diversidade das necesidades do alumnado, que nalgúns centros funciona con normalidade e noutros non. Que en todo caso está de acordo que e necesario simplificar o SGIC e que se está traballando nese senso.

Finalmente, neste punto sométese a aprobación da modificación proposta e apróbase por

asentimento.

**Cuarto.- Análise dunha proposta de modificación da composición da Comisión de Calidade á vista das novas titulacións que se impartirán no Centro no curso 2012-13, para a súa elevación á Xunta de Facultade.**

Á vista da composición da Comisión que está recollida no SGIC, onde se especifica que deberá haber un representante de cada un dos masteres (que será o coordinador do mesmo), xunto con un representante dos alumnos e dos egresados de cada titulación, podemos anticipar problemas de operatividade da comisión xa que se incrementa en tres o número de masteres para o próximo curso. Ademais, existe un problema cos alumnos de masteres, xa que estes o son somentes por un curso académico, o que está obrigando a cambiar a composición da comisión todos os anos.

Enténdese que o obxectivo deberá ser que a Comisión teña un número de membros de aproximadamente 15-17 persoas para que esta sexa operativa. Para iso, propónse que entren a formar parte da comisión cada un dos coordinadores dos masteres como titulares e os secretarios como suplentes e reducir o número de alumnos e egresados das titulacións de posgrao.

**Quinto.- Rolda aberta de intervencións**

A Decana comenta a posibilidade de que a primeiros de xuño estén os datos que se necesitan para facer os informes de seguimento na aplicación do SID, si ben se lle responde por parte do representante de calidade que farase todo o posible pero que é moi difícil xa que se necesitan datos do curso 2011-12 que ata que se pechen as actas non poderán estar dispoñibles.

Dña. Carmen Ruiz expón que está preocupada polo valor da taxa de eficiencia, que non parece mellorar ao longo do tempo e apunta que unha posible solución será non ter en conta aos non presentados, e que por outra banda daríanos unha imaxe máis real da situación. O representante da área de calidade, D. Miguel Dorribo, explica que os indicadores non se poden modificar de momento xa que depende dos indicadores da ANECA. Como posible solución, propónse pola secretaria que na explicación no informe se poñan os dous valores: a taxa de eficiencia según os indicadores da ANECA, e o valor que esta tería se non tivesemos en conta aos non presentados.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión ás 12:20 do día sinalado, do que dou fe como secretaria.

A Secretaria

M<sup>a</sup> del Mar Rodríguez Domínguez